

ACTUACIÓN: Control e Vixilancia, incluída Coordinación de Seguridade e Saúde, da Obra "Ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón (PO/19/027.01)

Clave: ATSP200301

ASUNTO: Xustificación das ofertas presentadas por ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO,S.A., EUROCONTROL,S.A. Y PROYFE,S.L.

De acordo co artigo 102.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) “os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ó prezo xeral de mercado, no momento de fixar o presuposto de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados”.

O artigo 149 da LCSP “Ofertas anormalmente baixas” indica que “cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adxudicación, estarase ao establecido nos pregos que rexen o contrato, nos cales ha de establecerse os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta se considere anormal, referidos á oferta considerada no seu conxunto.

Polo tanto, dérivase da lexislación que debe coidarse de que o prezo do contrato sexa adecuado para o seu efectivo cumprimento, aplicando as normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados. O prego de cláusulas administrativas particulares recolle os parámetros obxectivos en función dos cales se pode apreciar que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormalmente baixos.

Incluindo a proposición que nos ocupa valores que de acordo co prego está incurso en presunción de anormalidade, deuse audiencia ao licitador para que “desglosen razoada e

detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custes, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definira a anormalidade da oferta”, mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estes efectos” segundo o estipulado no LCSP e en particular, a xustificación non poderá ser incompleta ou fundamentarse en hipóteses ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico, e centrarase nos seguintes valores:

- ⑩ ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados u o método de construción
- ⑩ as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras
- ⑩ a innovación e orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- ⑩ o respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP
- ⑩ ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

AS EMPRESAS ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO,S.A. e EUROCONTROL,S.A. non presenta ningunha documentación.

PROYFE,S.L. presenta xustificación en base a súa experiencia en contratos similares, súa boa ubicación , personal axeitado, e outros traballos próximos a finalizar. Tamén que ten boa capacidade técnica e que os prezos ofertados son axeitados.

A tenor de todo o exposto, enténdese que, as empresas non cumpren coa carga que lle corresponde de xustificar que o prezo ofertado sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, pois iso, obviamente, require a presentación da documentación suficiente para analizar a súa oferta e apreciar as súas condicións, custes, aforros, solucións técnicas para a execución material da prestación que motive suficientemente a mesma para acordar a súa aceptación. **Esta situación determina**

sexan inadecuadas para o efectivo cumprimento do contrato nos termos do artigo 102 e 149 da LCSP.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Juan Carlos Carballeira Rifón

Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos